

# MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



## VISITAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS

As visitas son un percorrido didáctico polas salas do museo, adaptado aos diferentes niveis educativos. As visitas poden ser comentadas, dinamizadas ou visitas-taller.

As visitas serán guiadas por un educador ou educadora do propio museo, que favorecerá o achegamento do alumnado ás distintas formas artísticas da colección dun modo dinámico e lúdico, fomentando a participación e a estimulación da creatividade. O profesor acompañante do grupo deberá estar presente en todo momento durante a realización da actividade.

O profesorado pode solicitar o envío de información específica sobre as actividades que os centros escolares realizarán. Tamén existe a posibilidade de que o profesorado desenvolva e guía a actividade, previa confirmación do Museo.

Sempre que se informe con certo marxe de tempo, o Museo poderá flexibilizar na medida do posible as súas propostas didácticas para tratar temas que se estean a desenvolver na aula no momento da visita.

A visita é gratuíta. O museo ten reservado un espazo para a parada do transporte escolar. Hai unha plaza exterior descuberta para merendar.

## CALENDARIO E HORARIOS

Desde o 17 de outubro do 2017 ata o 21 de xuño do 2018.

De martes a venres ás 10:00 e ás 11:30 h.

\*Os centros educativos que teñan dificultades para asistir ao museo neste horario (por motivos de procedencia xeográfica ou de organización do propio centro), poden poñerse en contacto con nós.

## DURACIÓN DAS PROPOSTAS EDUCATIVAS

Dependendo do tipo de actividade que se leve a cabo, durará entre 1 hora e 1 hora e 30 minutos.

## DESTINATARIOS

Escolares desde Educación Infantil (2 anos) a Bacharelato.

Grupos de 50 persoas como máximo.

## SOLICITUDE DE RESERVA DE VISITA

Teléfono – 881 881 700 (de luns a venres en horario de 09:30 a 14:00 h).

E-mail – [mu.belas-artes.difusion@xunta.es](mailto:mu.belas-artes.difusion@xunta.es)

Web do Museo – <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=188>

Na nosa páxina web podes atopar unha serie de materiais educativos – <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=402>

## CADROS CON HISTORIA Pinturas narradas

**Tipo de visita** Visita-taller

**Nivel** 1º e 2º de Primaria

**Duración** 1 h 30 min

### Obxectivos

- Iniciarse e familiarizarse co mundo da arte e os museos
- Descubrir as diferentes manifestacións artísticas que se produciron ao longo do tempo a través das obras da colección do museo
- Aprender a interpretar as obras de arte procurando os moitos significados das representacións
- Fomentar a participación e o diálogo do grupo
- Estimular a imaxinación e a creatividade a través da observación

### Desenvolvemento da actividade

Neste percorrido, o alumnado dos primeiros cursos de primaria descubrirá a colección do museo a través dunha escolma de obras cun claro contido narrativo. Moitos cadros agochan historias que, a simple vista, non chegamos a percibir; por iso é preciso observar cada detalle e analizar cada un dos elementos que compón a imaxe.



Coma se de detectives se tratase, os escolares deberán desentrañar as narracións ocultas nas distintas obras do museo. A dinámica da visita favorecerá en todo

momento a participación dos rapaces e rapazas e así, entre todos, descubriremos as historias que existen tras os cadros.

As pinturas escollidas para este percorrido son obras de distintos estilos, épocas e xéneros artísticos. Veremos cadros mitolóxicos onde se relatan historias como *A caída de Ícaro*, retratos de personaxes ilustres que espertarán a nosa imaxinación como o de *Margarita de Austria*, ou obras costumistas con personaxes anónimos onde non todo é o que parece a simple vista como *Os xogadores de cartas*, *O Castigo* ou *Mariña Surrealista*.

A medida que nos mergullemos nas historias dos cadros, tamén daremos resposta a distintas cuestións como: Qué é un museo?, por que foron pintados todos estes cadros?, como chegaron aquí?, que técnicas empregaron os artistas para facer as súas creacións?

A actividade se completa cun obradoiro onde o alumnado terá que ilustrar unha historia empregando diversas técnicas.

## QUEN É QUEN? Os personaxes do museo

**Tipo de Visita** Visita dinamizada

**Nivel** 1º e 2º Primaria

**Duración** 1 h 15 min

### Obxectivos

- Familiarizarse co mundo da arte e dos museos
- Achegarse ao xénero do retrato, coñecendo como se facían antes da chegada da fotografía.
- Comprender que un cadro é, ademais de un obxecto valioso, un documento histórico que nos sirve para achegarnos a outras épocas, lugares e costumes
- Coñecer, partindo da obra de arte, as historias de diferentes personaxes reais e fantásticos da nosa colección
- Fomentar a capacidade de observación e a análise da obra de arte
- Apreciar a visita ao museo como unha experiencia estimulante e significativa

### Desenvolvemento da actividade

Esta visita dinamizada, especialmente pensada para os alumnos dos primeiros cursos de primaria, ten como fío conductor o tema dos personaxes, reais e fantásticos, que aparecen representados nas obras do museo. Así pois, o xénero do retrato terá unha presenza moi importante neste percorrido.

Como se facían os retratos e os autorretratos no pasado? Como se fan na actualidade? Hoxe en día estamos afeitos a facernos *selfies* cos teléfonos móbiles e as tabletas case a diario, pero fai varios séculos facerse un retrato era algo moito máis laborioso. Neste percorrido descubriremos como se facían antigamente os retratos e como estes nos serven para coñecer a moda e os costumes doutras épocas e lugares.

Quen se facía antigamente un retrato?, existe sempre un parecido físico entre modelo e retratado?, melloraban os pintores o físico dos seus modelos para que parecen máis atractivos?, por que os personaxes antigos semellan sempre tan deprimidos nos cadros?, quen se facía retratar fai catrocentos anos? Estas serán algunhas das cuestións que traballaremos durante a visita.

A través de retratos barrocos como o de *María Luisa de Orleáns* ou o *Duque de Parma*, coñeceremos as historias que existen detrás dos personaxes representados nos cadros. Analizaremos as poses, os detalles das vestimentas e as escenografías. Tamén

coñeceremos aos personaxes máis populares do museo, como o *Gaiteiro* de Antonio Jaspe Moscoso ou a heroes mitolóxicos como Hércules; e desenvolveremos a nosa imaxinación outorgádolle unha identidade aos personaxes máis misteriosos da colección do museo, como a *Dama do papagaio*.



Tamén descubriremos que a representación da figura humana non sempre é realista. A partires do século XX comezaremos a ver outras formas de expresión artística na que as facianas e os rasgos físicos dos retratados non sempre teñen relación coa realidade.

## UN MUSEO DE TESOUROS Que hai no cuarto das marabillas?

**Tipo de Visita** Visita-taller

**Nivel** 3º e 4º de Primaria

**Duración** 1 h 30 min

### Obxectivos

- Familiarizarse co museo e coñecer as súas principais funcións: coleccionar, conservar e exhibir
- Reflexionar sobre o concepto de patrimonio, memoria e cultura dun xeito ameno e participativo
- Promover no alumnado a valoración cara as diferentes expresións artísticas antigas e modernas
- Fomentar a capacidade de observación e análise da obra de arte
- Potenciar a idea do museo como unha opción para o tempo de lecer

### Desenvolvemento da actividade

Un museo de tesouros é una actividade pensada para o alumnado de terceiro e cuarto de primaria onde veremos pezas heteroxéneas de distintas épocas e estilos.

Partindo da obra *O gabinete do coleccionista* de Frans Francken II, coñeceremos as distintas artes e xéneros pictóricos. Achegarémonos ao concepto de patrimonio e reflexionaremos sobre a prevención, coidado e conservación do noso. Que é unha colección?, como xurde un museo como o de Belas Artes da Coruña?, quen é o dono ou dona das pezas que o museo acolle?, como chegaron todas estas obras ao museo?, quen podería ver estes cadros fai catrocentos anos? Serán estas algunhas das preguntas sobre as que reflexionaremos entre todos e todas.

Aproveitaremos a abondosa colección do museo para descubrir obras de distintos periodos e lugares, percibindo algunhas das diferencias técnicas e estilísticas e comparando obras do pasado con outras máis modernas. Ao mesmo tempo, descubriremos os xéneros artísticos: veremos paisaxes, retratos, pezas relixiosas, cadros con escenas costumistas, cadros mitolóxicos... Tamén veremos todos aqueles obxectos decorativos que forman parte da colección do museo: escribanías, moedas, abanos, miniaturas...



Para concluir a actividade, realizaremos un obradoiro no que os rapaces e rapazas crearán a súa propia colección de tesouros, reforzando todo o visto e aprendido durante a visita.

## QUE QUERO SER DE MAIOR? Unha viaxe ao pasado dos oficios

**Tipo de Visita** Visita dinamizada

**Nivel** 3º e 4º Primaria

**Duración** 1 h 15 min

### Obxectivos

- Apreciar a visita ao museo como unha experiencia estimulante e significativa
- Fomentar a capacidade de observación e de análise da obra de arte
- Descubrir, a través da arte, como o mundo do traballo foi evolucionando ao longo do tempo
- Reflexionar sobre a perda de moitos dos oficios tradicionais que se levaban a cabo manualmente
- Analizar o papel da muller traballadora en Galicia e reflexionar sobre a necesidade dunha igualdade entre homes e mulleres no mundo laboral

### Desenvolvemento da actividade

*Que quero ser de maior?* é unha actividade que ten como fío conductor o mundo do traballo e a súa representación na arte. A colección do Museo de Belas Artes conta con numerosos cadros de xénero costumista e, en moitos deles, vemos a homes e mulleres realizando as súas tarefas diarias. Arrieiros, obreiros, mariscadoras, labregos e labregas... escenas cotiás que nos mostran distintas labores e oficios, algúns deles hoxe en desuso ou en proceso de desaparición.

A temática dos oficios na arte nos servirá para facer un percorrido pola historia e a historia da arte; percibindo os cambios sociais e políticos e tamén os cambios plásticos que houbo ao longo do tempo.

Sempre existiron os mesmos traballos?, tivo a muller historicamente os mesmos dereitos laborais que o home?, podemos considerar un oficio facer as tarefas do fogar?, que profesións actuais non existían fai un século?, que supuxo a chegada da industrialización?, que oficios se perderon ou se están a perder hoxe en día coa chegada da tecnoloxía?, que cousas negativas e positivas causa este fenómeno? Estas son algunhas das cuestións sobre as que reflexionaremos ao longo da visita.

Comezaremos a nosa andaina observando retratos moi antigos onde se nos mostran soldados, nobres, reis e raíñas; para posteriormente ver aqueles que nos achegan ao mundo da creación: representacións de artistas plásticos, músicos, escritoras...



Descubriremos como moitos oficios, incluído o de artista, se transmitían de pais a fillos. Remataremos o percorrido vendo cadros costumistas que nos amosan o mundo do traballo dunha Galicia non tan lonxana á actual.



Nesta actividade explicaremos como tradicionalmente o mundo do traballo estaba dividido por xénero, existindo unha histórica discriminación cara a muller que, en moitos casos, aínda perdura. Falaremos das condicións laborais e de como estas foron mellorando ao longo do tempo, e reflexionaremos sobre a evolución que supuxo a chegada da industrialización e da tecnoloxía ao mundo do traballo.

## A CASA DAS MUSAS Un museo feito á medida

**Tipo de Visita** Visita-taller

**Nivel** 5º e 6º de Primaria

**Duración** 1 h 30 min

### Obxectivos

- Familiarizarse co mundo do museo e coñecer as súas principais funcións
- Aproximarse ás diferentes técnicas e estilos artísticos, atendendo á súa evolución ao longo do tempo
- Coñecer e diferenciar os diferentes xéneros pictóricos: retrato, costumismo, paisaxe, bodegón... e as motivacións que levaron aos artistas a traballar estes temas
- Descubrir as historias que os cadros contan, comprendendo o contexto no que estas xurden
- Aprender a valorar a cultura e o patrimonio

### Desenvolvemento da actividade

É este un percorrido xeral polos diferentes espazos do museo que pretende que os rapaces e rapazas coñezan mellor o mundo do museo e as coleccións, considerando unha opción para gozar e encher o seu tempo de lecer.



Presentaremos o Museo de Belas Artes como institución, profundizando nas diferentes funcións e a importancia de conservar e transmitir a cultura de todos. ¿ando e por que xurden os museos?, quen é o dono ou dona dos cadros que temos aquí?, como se fai unha exposición?, onde estaban as obras de arte antes de chegar ao museo?, por que

foron feitos estes cadros? Entre todos reflexionaremos sobre estas e outras preguntas, dando resposta a todas elas de xeito ameno e participativo.

Ao longo do percorrido descubriremos unha escolma de cadros e esculturas de distintas épocas, xéneros e estilos; descubriendo onde, cando e por que foron feitos. Aprenderemos a diferenciar os distintos xéneros artísticos vendo obras mitolóxicas como *A caída de Ícaro*, retratos como o de *Mariana de Austria* ou cadros costumistas como *Os xogadores de cartas*.

Trazaremos un camiño polo museo que nos levará desde o realismo e o dramatismo do Barroco ate o estilo máis libre e xestual das vangardas do século XX; aprenderemos a diferenciar e a apreciar os distintos estilos e técnicas artísticas. Ademais, os alumnos que visiten o museo poderán coñecer a colección de esculturas e artes decorativas: moedas, abanos, mobiliario, xoias e outros obxectos.

Completaremos a visita cun obradoiro no que o alumnado, repartido en grupos, creará unha maqueta dunha sala de museo, onde logo colocará as reproducións das obras vistas durante a visita e outras creacións artísticas propias.

## PORTADORES DE MEMORIA Unha viaxe ao pasado

**Tipo de Visita** Visita dinamizada

**Nivel** 5º e 6º Primaria

**Duración** 1 h 15 min

### Obxectivos


- Apreciar a visita ao museo como unha experiencia estimulante e significativa
- Descubrir, a través da arte, como as sociedades e as manifestacións artísticas foron mudando ao longo do tempo
- Introducir ao alumno no concepto de arte como documento histórico e como reflexo dunha época
- Fomentar a opinión persoal e o gusto estético a través da observación e o diálogo
- Provocar no alumnado unha actitude de respecto cara o patrimonio artístico da súa contorna

### Desenvolvemento da actividade

*Portadores de memoria* é unha visita dinamizada na que a partires dun percorrido pola colección do museo, reflexionaremos sobre como era a vida no pasado, procurando diferenzas e semellanzas con respecto á actualidade.

Como se vivía fai cen anos?, quenes rexían as sociedades antigamente? como era a Coruña dos nosos avós?, facemos hoxe as mesmas cousas que se facían no pasado para divertirse?, que profesións actuais non existían fai un século?, que supuxo a chegada da industrialización? Partindo destas preguntas e moitas outras, faremos unha viaxe ao pasado que nos servirá para reflexionar sobre os tempos presentes. O alumnado aprenderá a valorar a obra de arte non soamente pola súa beleza ou calidade técnica, senón tamén pola súa natureza documental.

Reflexionaremos sobre os cambios sociais e culturais, e a través de obxectos e cadros de distintos temas e épocas, observaremos como cambiaron ao longo do tempo os costumes, os oficios, a alimentación, a vestimenta... Imaxinaremos como tería sido nacer noutro momento histórico, compartindo opinións, debatendo e comparando o presente e o pasado.



Os artistas que fixeron as obras de arte que hoxe se acollen no museo representaron algúns dos feitos que consideraron máis importantes do tempo que lles tocou vivir; dun xeito semellante, o noso percorrido rematará coa creación dunha “cápsula do tempo” na que deixaremos constancia daqueles aspectos que consideremos máis representativos da actualidade.